

OS 400 GOLPES



TITULO ORIXINAL *Les Quatre cents coups (Les 400 coups)*

ANO 1959

DURACI N 94 min.

PA S 

DIRECTOR Fran ois Truffaut

GUI N Fran ois Truffaut & Marcel Moussy


M SICA Jean Constantin

FOTOGRAF A Henri Decae (B &W)

REPARTO Jean-Pierre L aud, Claire Maurier, Albert R my, Guy Decombe, Georges Flamant, Patrick Auffay

PRODUCTORA Les Films du Carrosse

Os 400 golpes, por V ctor Rivas Morente



Os 400 golpes   a pel cula m is emblem tica da *Nouvelle Vague* francesa, sobre todo pola actividade cr tica do seu director. A pel cula conseguiu o premio   mellor director no festival de Cannes de 1959 e supuxo unha verdadeira revoluci n dentro do panorama xeral do cine franc s e europeo. Nela Truffaut realiza un retrato sentimental da infancia de Doniel, un rapaz que amosa unha clara vontade de independencia e rebeld a en consonancia perfecta co esp rito e a vontade creadora do director.   desa unidade de onde nace a beleza desta pel cula, un retrato sinxelo e humano da infancia. A veracidade do relato cons guese mediante a utilizaci n dunha posta en escena transparente, onde o que verdadeiramente importa son os movementos das personaxes, e onde se escapa conscientemente do efectismo. A elo axuda a prodixiosa fotograf a, chea dunha

fr a neutralidade que enfatiza a presenza da cidade e as s as r as, e a banda de r idos, cun admirable repertorio de sons urbanos.

Truffaut emprega, de forma subli ada, o *travelling* e os encadres de c mara din micos. As panor micas son abundantes, as  como a presenza de certas secuencias, de marcado subxectivismo, onde fai uso da c mara en man. A *Nouvelle Vague* acudiu a formas artesanais e baratas de planificaci n, amosando o seu esp rito art stico, alleo   manierismo imperante na s a  poca. Na s a posta en escena, Truffaut remite  s s as referencias cin filas (cartazos, comentarios das personaxes sobre pel culas ou libros, iconos culturais) e am sanos un magn fico exemplo de liberdade expositiva, coa elecci n dunha personaxe conflictiva dentro dun entorno hostil que debido   s a tenrura e inxenuidade non nos resulta tan desagradable.

Tr tase dunha pel cula que desenvolve o eterno conflito entre o real e as ilusi ns, dende a  ptica dun neno. Non se trata, como moi a mi do se ven defendendo, dun cine individualista e alleo   cr tica social. As instituci ns familiares, escolares e carcerarias son postas en d bida, sen n criticadas abertamente. Fronte a rixidez dunha educaci n baseada na obediencia, Truffaut prop n a vontade de vivir e gozar do tempo. De a  as correr as de Doniel pola cidade, o seu descubrimento da literatura ou a s a paix n por co ecer o amor. Todo elo demostra o talante vitalista do autor.

Truffaut, coa súa primeira película, rompeu os moldes temáticos do cine francés. Propuxo unha nova reflexión sobre os valores sociais que imperaban na súa época, e definiu un novo romanticismo. O cine de Truffaut é necesario pola súa proposta temática, e non tanto polos seus achados visuais, moito menos radicais que os que amosou Godard en *Ó final da escapada*, pero máis profundos pola súa limpeza. O que en Godard pode ser descrito como exhibicionismo, en Truffaut trátase de necesidade: a súa proposta formal está en todo momento condicionada polo que narra; o como e o que únense, entrelázanse, formando un único relato. Si Godard resulta presuntuoso e frío, Truffaut aparece próximo e sinxelo. Pero ambos participan dunha mesma vontade: a liberdade creativa.

Os 400 golpes, por Ángel Lapresta

Se non é a primeira, sí que *Os 400 golpes* pode ser considerada como unha das claves que consagrarán o camiño da *Nouvelle Vague*. E sen dúbida algunha estamos ante un dos puntos de inflexión da arte cinematográfica. Partindo da base de que a propia corrente vangardista caracterízase polo heteroxéneo da súa nómina – se ben é certo que cunhas bases comúns moi sólidas: non ó “*cine calita*”, e si ó cine natural espontáneo – é ante todo a evidente pedra angular sobre a que se soporta o movemento. Incluso o propio Truffaut habitualmente deambulará por diversos xéneros dunha maneira libre e tal vez confusa para entender a súa traxectoria.



A historia (parece que autobiográfica) amósanos “sinxelamente” un rapaz de trece anos na súa vida cotiá do París coetáneo, o clásico rapaz desubicado das normas sociais. Fillo de nai solteira, ó que o “consentido” marido desta adopta como propio, atoparase coa precariedade dun fogar de compromiso no que evidentemente sobra. A súa forma libre de entender a existencia faralle ser o referente negativo da escola – xunto co seu admirado amigo, un neno ben pero igual de estéril -. Os continuos tumbos do rapaz terminarán por incluír a omnipotente e reparadora xustiza, para terminar de arranxar o proceso.



Sen cargar as tintas sobre ninguén en concreto, Truffaut critica un tras outro, sutil pero claramente, a tódolos engrenaxes da sociedade – familia, educación, xustiza, etc. – o desenlace de marxinación do seu “alter ego” Antoine Doinel na busca de encaixar a súa pequena rebeldía na vida diaria.